



GRUPO MUNICIPAL

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, concelleira do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta ao Pleno a seguinte PROPOSICIÓN, relativa **ÁS RESPONSABILIDADES POLÍTICAS POLO ATRASO NA POSTA EN MARCHA DA RENDA SOCIAL MUNICIPAL.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Pontevedra, segundo o indicador AROPE, ten unha porcentaxe do 20,71 por cento (arredor de 17.000 persoas) que se atopan en situación de distintos graos de pobreza.

Todas as administracións, entre elas a local, teñen a obriga de traballar para facilitar a vida das persoas en risco ou situación de exclusión social. En concreto o **artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local**, que lle atribúe ao municipio, como **competencia propia** nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, a **atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.**

O 23 de decembro de 2016, hai case dous anos, o equipo de goberno do Concello de Pontevedra adquiriu o compromiso político de incluír a emenda da renda social aos orzamentos do ano 2017, a proposta de Marea Pontevedra.

A cronoloxía de feitos que a continuación se enumera, resume o interese deste goberno municipal por unha banda de non dar resposta as necesidades das familias empobrecidas e por outra de non cumprir o compromiso político acordado:

- 25 de abril de de 2017, Marea Pontevedra remite a concelleira responsable un borrador de ordenanza de renda social municipal, borrador que non foi estimado.
- 16 de xullo de 2017, Marea Pontevedra solicita de novo ao concello que propoña un borrador de ordenanza de renda social.
- 25 de outubro de 2017, o concello solicítalle á Xunta de Galicia un informe sobre posible duplicidade da renda social municipal coa Risga.

- 13 de novembro de 2017, a Xunta de Galicia emite informe favorable das consellerías de Política social, Facenda e Presidencia, de non incorrer en duplicidade.
- 12 de decembro de 2017, iníciase formalmente o procedemento de elaboración da ordenanza da renda social, co trámite de consulta pública.
- 20 de febreiro de 2018, o Grupo municipal de Marea Pontevedra reclama á concelleira responsable o borrador de ordenanza que se comprometera a presentar en xullo de 2017. Esta petición é reiterada verbalmente cada semana, coa mesma resposta: “para a vindeira semana”.
- 19 de abril de 2018, procédese a elaboración da proposta da ordenanza a cargo do servizo de benestar social do concello.
- 25 de abril de 2018, elaboración da memoria da ordenanza da renda social a cargo do servizo de benestar social do concello.
- 28 de xuño de 2018, o Grupo Municipal Marea Pontevedra solicita por escrito acceso ao expediente de tramitación da ordenanza, acceso concedido o 3 de xullo.

A día de hoxe, o goberno municipal non ten presentado para o seu ditame a comisión correspondente, a ordenanza de renda social municipal, case dos anos de demora do compromiso adquirido, impedindo poder atender as necesidades básicas que garantan dereitos sociais da cidadanía en situación de exclusión social.

So a deficiente xestión, desinterese, e incompetencia deste goberno, e en especial da concelleira responsable da área de benestar social xustifican esta situación.

Por todo iso, o Grupo municipal de Marea Pontevedra, presenta a seguinte

PROPOSICIÓN:

O Pleno do Concello reproba á concelleira responsable de área de benestar social, Anxos Riveiro Portela.

Pontevedra, 6 de setembro de 2018



María del Carmen Moreira Martínez

Concelleira de Marea Pontevedra